

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Meigallos en Centroña e o demo no Breamo

Unha persoa botou ovos nunha leira dun veciño co que estaba a mal. O trigo que alí sementara saíu "caruncho" (é dicir, estragado).

Unha das maneiras de lle facer dano físico a unha persoa era procurar pelo dela, facer unha bóla e cravarlle alfinetes.

Nunha ocasión, un "Sabio Curandeiro" (facíase chamar dese xeito) díxolle ao pai dunha tía da persoa que isto me contou: "Vostede está ameighado por unha nai (a súa ex noiva) e a súa filla polo que ten que poñer os Evanxeos".

O home non lle fixo caso ao "Sabio Curandeiro" e aos poucos días morreu.

Un tío da miña informante, acompañado por outras dúas persoas, subiron un bo día ata igrexa románica de Breamo, no concello de Pontedeume (A Coruña) (*cunha lenda de Templarios*) coas roupas dunha veciña que estaba doente para quitarlle o "mal de ollo" (dicíase que estaba enmeigada).

Cando estaban a dar as sete voltas á igrexa, como manda a tradición, apareceu un home que tiña uns arrepiantes dentes longos botando lume pola boca. Segundo os horrorizados penitentes, era o demo.

Ambas informacións proceden de Centroña, concello de Pontedeume (A Coruña).

[Información achegada por Pilar Carpenle Leira e elaborada por Xabier Moure Salgado, en abril de 2013]